


O FLOORBALL

QUE É O FLOORBAL?

Modalidade de hóckey adaptada o eido escolar que ten como obxectivo introducir unha bola na portería contraria. É un deporte recente xa que data da década dos 70 e a súa orixe atopariámola en Suecia (floorball) e Suíza (unihockey).

O TERREO DE XOGO:



As medidas que tendes que saber son:

- Campo 40x20m. (Longo x Ancho)
- Área de portería 4x5m. (Longo x Ancho)
- Portería 1,60x1,15m. (Ancho x Alto)

DURACIÓN DO PARTIDO:

- Xóganse 3 tempos de 20 minutos con 10 minutos de descanso entre ambos.
- En caso de empate xógase un tempo extra de 10 minutos que pode finalizar antes se un dos equipos marca un gol (gol de ouro).
- Se persiste o empate faise unha quenda de 5 penaltis que finaliza cando un xogador faia o seu lanzamento.

NÚMERO DE XOGADORES:

- Cada equipo está formado por 17 xogadores dos cales 6 están no terreo de xogo (5 + 1 porteiro).
- Pódense facer os trocos que se queiran ao longo de todo o partido.

ACCIÓNS PERMITIDAS:

- Pódese tocar a bola con calquera parte do stick.
- Pódese tocar a bola con calquera parte do corpo agás coas extremidades superiores.
- Pódese dirixir a bola co pe cara o stick pero non se pode dirixir de xeito intencionado cara un compañeiro ou contra a portería.
- Pódese xogar co apoio das bandas laterais.
- Golpear a bola dentro da área pero non xogar en ela.

ACCIÓNS NON PERMITIDAS:

- Elevar o stick por riba da cintura se hai xogadores próximos.
- Non se pode golpear o stick do rival.
- Xogar dentro da área do porteiro.
- Non se pode empurrar co ombro ao contrario.
- Non se pode intervir en salto.
- Non se pode xogar a bola no aire por riba do xeonllo.
- Non se pode xogar manexando o stick cunha soa man.
- Non se pode lanzar ou soltar o stick
- A bola non pode subir por riba da cadeira.

O PORTEIRO:

- Non leva stick.
- Pode tocar e golpear a bola con calquera parte do corpo.
- Se sae da área considérase un xogador máis de campo pero sen stick.
- Pode realizar pases coa man pero non será válido se pasan o medio do campo sen ser tocada antes por un xogador, polo chan o por unha banda.

